

Concello de Covelo

BASES PROXECTO CONCILIACIÓN: CRIANZA EN COMUNIDADE CONCELLO DE COVELO 2025

Bolsa de coidado profesional

«Cofinanciado polo Plan Corresponsables. Ministerio de Igualdad, Gobierno de España e pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia»

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes no servizo de conciliación CRIANZA EN COMUNIDADE **CONCELLO DE COVELO 2025**, bolsa de coidado profesional.

Bolsa de horas para servizos de conciliación puntuais dirixidas a familias con escasos recursos económicos e falta de apoios socio-familiares, que pola súa incorporación ao mercado laboral, por ampliación de formación, pola súa participación en actividades socioculturais ou deportivas ou en situacións de emerxencia como os familiares hospitalizados....

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar crianzas de 3 a 14 anos, preferentemente empadroadas no concello de Covelo.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

3.- TEMPORALIZACIÓN

Servizos puntuais según necesidades. Limitado ao agotamento das horas e antes do 15 setembro.

Establécese un máximo de horas diarias, según proxecto individualizado do departamento de servizos sociais do Concello, nun horario que dependerá da dispoñibilidade do servizo.

ACCESO AO SERVIZO:

- As persoas inscritas accederán ao servizo por orde de chegada.
- As persoas que precisen reservar praza para días concretos deberán presentar una solicitude de reserva ANTES DE 2 DÍAS HÁBILES E ANTES DAS 14,00 horas.
- A non asistencia sen xustificación a un día reservado será penalizada coa imposibilidade de asistencia dos 10 días de servizo posteriores.

4.-PREZO

O servizo será gratuito previa inscrición e valoración positiva.



Concello de Covelo

5.- ACTIVIDADES

Servizo de conciliación. O tempo será dedicado a actividades de apoio escolar, culturais, xogos de mesa e de lectura, ademais de obradoiros puntuais de sensibilización sobre a conciliación, igualdade e reparto de tarefas.

6.- METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de tódalas persoas participantes no mesmo, ademais do apoio mutuo entre a comunidade.

7.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección das persoas participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no taboleiro municipal, ou a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

Accederán as persoas ao servizo por orde de inscrición.

** Poderán inscribirse as persoas que o precisen e pasarán a bolsa de persoas asistentes que poderán utilizar o servizo.

7.1.- INSCRICIÓN

2.1.-Documentación.

As persoas interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

-Documentación obligatoria a presentar coa solicitude:

- Folla de inscrición.
- DNI da nai, pai titora ou titor
- DNI da crianza ou libro de familia ou partida de nacemento.
- Tarxeta da Seguridade Social da crianza

-Documentación optativa para valorar os criterios de selección:

- Copia do contrato ou certificado de empresa co horario de traballo e vida laboral actualizada, se procede.
- IRPF do ano 2024. Se non se fai o IRPF, certificado negativo de non ter presentada a declaración e certificado de prestacións, se procede.
- Documento acreditativo de ser muller vítima de violencia de xénero segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, se procede:
 - Certificación dá orde de protección ou dá medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial dá propia orde de protección ou dá medida cautelar.
 - Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de



Concello de Covelo

calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentenzas de calquera orde xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.

- Certificación e/o informe dos servizos sociais e/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - Calquera outras que se establezan regulamentariamente.
- Certificado de monoparentalidade, se procede.
 - Certificado de discapacidade, se procede.
 - Carné de familia numerosa, se procede.
 - Calquera outra documentación que se estime conveniente na instrución do procedemento.

7.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Admitiranse as persoas participantes por orde de inscrición.

Terán prioridade:

1. Persoas empadroadas no CONCELLO DE COVELO
2. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais e cargas familiares relacionadas cos coidados.
3. Persoas que non xustifiquen a necesidade por motivos laborais, se atopen en situación de vulnerabilidade social e xustifiquen a necesidade do apoio do servizo dentro do seu proxecto de integración social.
4. Familias de especial vulnerabilidade valorando o nivel de renda das persoas que o soliciten xustificado con informe dos servizos sociais comunitarios do Concello.
5. Mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.
6. Familias monomarentais e monoparentais.
7. Familias numerosas.
8. Mulleres, nais ou titoras legais, en situación de desemprego de longa duración. Mulleres, nais ou titoras legais, maiores de 45 anos.
9. Familias con informe xustificativo dos servizos sociais de CONCELLO DE COVELO.
10. Persoas escolarizadas en centros públicos educativos do CONCELLO DE COVELO.

Calcularase a renda da unidade familiar, sumada a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2024.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables da familia:

- Nais, pais ou titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores



Concello de Covelo

de idade con discapacidade e fillas solteiras e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai, non se considerará persoa computable aquela que non conviva co fillo/a, agás nos casos de custodia compartida. Será persoa computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, filla ou fillo e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.

Baseándose nos criterios citados elaborárase a valoración e un proxecto individualizado por parte de unha técnica do departamento de servizos sociais do Concello.

****No caso de que existan prazas suficientes poderán acceder ao Servizo de Conciliación todas as persoas inscritas.**

7.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN

As persoas inscritas pasarán a bolsa de persoas asistentes que poderán utilizar o servizo. No caso de ter que facer selección publicarase no taboleiro de anuncios e na web e redes municipais.

8.- ASISTENCIA

No caso de que haxa lista de espera terase en conta a asistencia ao servizo. As persoas que non asistan máis de dous días nunha semana sen xustificar daranse de baixa a favor das persoas que están na lista de espera.

9.- RECURSOS

9.1.- RECURSOS HUMANOS:

Monitoras ou monitores cualificados.

9.2.- RECURSOS MATERIAIS

Material de desfeita, recollido polos nenos/as e polas monitoras.

Material: cartolina, tesoiras, lapis, punzóns, plastilina, rodillo, gomas, folios, pegamento, acuarelas, pinceis, ceras, rotuladores, grampadora, grampas, clips, regras, abalorios, sedal, globos, maquillaxe, inchadores, folios de cores, balóns, comida, culleres de pau, prato, vasos, etc...

Aula con mesas e cadeiras para todas e todos os participantes.



Concello de Covelo

10. AVALIACIÓN

O sistema de avaliación realizarase mediante o establecemento de indicadores ou mediadores cuantificables do grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos. A avaliación será un proceso continuo co obxectivo de obter información constante sobre o desenvolvemento do principio de igualdade e actuar sobre aqueles obstáculos que impidan a execución eficaz das actividades. As achegas e recomendacións da técnica municipal de coordinación do proxecto, das nais, pais, nenas e nenos participantes recabaránse e valoraránse para mellorar o proxecto. A avaliación final quedará rexistrada nunha memoria.

En Covelo, na data que figura á marxe

O Alcalde. Juan Pablo Castillo Amigo



